



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

"Termalismo do Imsero 2018" (Balnearios)

Aberto o prazo para solicitar praza no programa de Termalismo do Imsero ano 2018

Requisitos:

A) para poder participar terán que reunir algún destes requisitos:

- Ser pensionistas de xubilación ou incapacidade permanente do Sistema da Seg. Social español.
- Ser pensionista de viuvez con 55 anos cumpridos do Sistema da Seguridade Social español.
- Ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego con 60 anos cumpridos do Sistema da Seguridade Social español.
- Ser asegurado ou beneficiario do Sistema da Seguridade Social español con 65 anos cumpridos.
- Ser español residente no estranxeiro, sempre que perciban unha pensión pública española, teñan 60 anos cumpridos ou pensionistas de viuvez con 55 anos cumpridos.

B) Ademais, todos os usuarios das prazas terán que cumprir:

- Non padecer alteracións do comportamento que poidan alterar a normal convivencia nin enfermidades infecto-contaxiosas.
- Necesitar os tratamentos termais solicitados e non ter contraindicacións médica para recibilos.
- Valerse por si mesmo para as tarefas da vida diaria.
- Acadar a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitados, de conformidade coa baremación esixida.

Se admitirá como acompañante a/o cónxuxe, parella de feito ou persoa con análoga relación de afectividade á conxugal, aínda que non alcance a idade sempre que cumpra o resto dos requisitos. Así como, as/os fillas/os cunha discapacidade igual ou superior ao 45% se comparten habitación e solicitan praza ao seu nome.

Quendas: de 12 días (11 noites) ou 10 días (9 noites), realizaranse en réxime de pensión completa en habitacións dobres e de uso compartido.

Prezo: varía en función do balneario e do mes solicitado.

Documentación: DNI da persoa solicitante e da/o cónxuxe, clase de pensións que perciben coa contía mensual e, unha declaración xurada que está no reverso da solicitude.

Prazo e lugar da solicitude: para as **quendas de febreiro a agosto** ata o día **4 de xaneiro de 2018** e, para a súa inclusión na **Lista de Espera**, ata o **10 de maio de 2018**; para as **quendas de setembro a decembro** ata o día **11 de maio de 2018** e, para a súa inclusión na **Lista de Espera**, ata o **31 de outubro de 2018**; nas dependencias dos Servizos Sociais do Concello de Camariñas.

Camariñas, 15 de decembro de 2017

A concelleira de Servizos Sociais e Igualdade,
Sandra Insua Rial